



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Num. 137 /2022

ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BETANZOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO PROXECTO “CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PARQUE HISTÓRICO O PASATEMPO DE BETANZOS-FASE I” POLA QUE SE FORMALIZA A PRÓRROGA.

Na Coruña, a 30 de decembro de 2022 na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte D. Valentín González Formoso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña e

Doutra parte, Dna. María Barral Varela, Alcaldesa-Presidenta do concello de Betanzos

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

MANIFESTAN

1. O Pleno da Corporación da Deputación Provincial de A Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2020 aprobou o “CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BETANZOS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO PROXECTO “CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DO PARQUE HISTÓRICO O PASATEMPO DE BETANZOS-FASE I”.

2. O convenio formalizouse en documento administrativo nº 59 de data 2 de outubro de 2022.

3. Na cláusula XIII do convenio sinálase a posibilidade da súa prórroga ou modificación.

4. O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 22 de decembro de 2022, aprobou a **prórroga** do convenio entre a Deputación de A Coruña e o Concello de Betanzos para a financiación do proxecto “Conservación e restauración do parque histórico O Pasatempo-Fase I” **ata o 31 de outubro de 2023.**

5. Por medio do presente documento, formalizan a prórroga da vixencia ata o 31/10/2023, rexindo no non previsto na presente documentación, as cláusulas incluídas no convenio nº 59 formalizado en data 2 de outubro de 2022.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

**O PRESIDENTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA**

A ALCALDESA- PRESIDENTA DO CONCELLO DE BETANZOS

Asdo.: D. Valentín González Formoso

Asdo.: Dna. María Barral Varela

A SECRETARIA XERAL

DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Amparo Taboada Gil